

Autopoética

Escribo para non ter frío

María Zambrano dicía que escribir é «defende-la soidade na que se está, é unha acción que só agroma desde un illamento efectivo, pero desde un illamento comunicable, no que, precisamente pola distancia de toda cousa concreta, se fai posible un descubrimento de relación entre elas». O acto de escribir sería, entón, unha soidade compartida, unha interiorización cara fóra, un intento de estruturación do caos para volver de novo a el. Sen embargo, a maioría do escritores, menos afeitos á finura lóxica da tenra filósofa, diante da pregunta de por que escriben dan respostas para tódolos gustos.

Así, por exemplo, Vázquez Montalbán ten dito que empezou a escribir «porque quere ser grande, rico e fermoso»; Severo Sarduy porque non soportaba o baleiro; Onetti porque coa escritura realiza «un acto amoroso que me dá pracer»; Roa Bastos «para evitar que o medo da morte se agregue ó medo da vida»; Alvaro Mutis «por noxo de min mesmo e do mundo»; Henri Michaux «para que o real se volva inofensivo» e outros, coma Sciascia ou François Sagan, simplemente porque lles gusta e os fai gozar.

Todas estas razóns, como diría Benedetti a quen lle roubo as citas dun artigo titulado «La soledad comunicante», teñen labras de verdade na miña propia razón de escribir. Porque se certo é que algunhas veces só escribimos para gaña-la vida como xa dixera Faulkner (no seu caso para whisky, tabaco e cabalos), outras, a maioría, perseguimos taponar con panos de cores o caneiro cheo de onde abrolla a vida, non para tapala,

* Miguel Suárez Abel naceu en San Estevo do Campo (Arzúa) no 1952. Realizou estudos de Filosofía e Teoloxía no Seminario de S. Martiño Pinario en Compostela. Licenciouse en Psicoloxía e exerce como profesor de Ensino Secundario en Pontevedra. Conferenciante, colaborador de radio e prensa (mantén desde hai anos columna en *La Voz de Galicia*), deuse a coñecer como escritor a partir de 1981 cando se lle premiaron tres relatos curtos no Premio Modesto R. Figueiredo: *O fillo do Serafín* (accésit no 1981), *O quiquiriquí* (gañador no 1982) e *A alemana* (finalista no 1986). Gañou o Premio Blanco Amor coa novela *Turbo* (1988) que supuxo un paso significativo na súa evolución. Posteriormente publicou *Álvaro Pino* (1989), unha biografía novelada do deportista galego, *Sabor a ti* (finalista Premio Xerais 1991) e *Selva Negra* (1993).

senón para mellor quedar enchoupados dela. Por iso na escrita depositamos tenrura, pracer, necesidade, coñecemento, poder e rebelión; e as palabras dos escritores traducen o conflito, o medo, a esperanza, a ansia de eternidade, a soidade cantada e chorada para que os outros se recoñezan e gocen con elas.

Eu sempre pensei que escribía por razóns semellantes ás que manifesta García Márquez cando di que o fai para que os seus amigos lle queiran máis. Porque escribir é un acto de amor, de comunicación, que non resulta pleno se non acada o recoñecemento e a reciprocidade do amado. De aí que cando un escribe nunca recibe a resposta proporcionada ó que agarda, experimentando un baleiro de tristura e frío. Pero, curiosamente, canto máis frío se sente despois do último escrito - e algunhas veces un queda frío coma a morte -, máis carraxe lle entra para continuar, porque se cadra tódalas razóns desembocan en que a alma non aprende como ben entendera Stendhal; que escribo só para saber por que escribo, como dixo José Donoso; ou en recoñecer que, coma Rachid Boudjedra, polo que realmente escribo e para non ter frío.

¿Quen vai polo neno á escola?

Ocorreu a mañá do martes 26 de xaneiro. Baudilio Raña saíu da súa casa, coma sempre desde que regresara enfermo a Galicia, ás 9'15 para acompañar ó fillo máis pequeno á escola. Aínda que chovía non levaba ningunha prenda por riba do xersei de la gordo con rombos vermellos encadeados. O fillo, por contra, ía abrigadiño e cuberto por un plexiglás amarelo que case lle chegaba ós pés. Baudilio mirou para un lado e outro mostrando preocupación, talvez medo, antes de se pór a andar lixeiro pola beirarrúa. O neno, inquedo e ansioso coma o pai, loitaba por se soltar baixo calquera pretexto, pero Baudilio amarraba forte a man do cativo e non había maneira de fuxir do seu control. Atravesaron a rúa da Estrada, apuraron por debaixo dos balcóns para non se mollar e de contado chegaron á escola, que tampouco quedaba tan lonxe da casa.

Despois de deixar ó neno, meteuse no bar California. Pediu un café só, ben cargado, acendeu o sétimo cigarro do día e intentou concentra-la mirada nalgún lugar concreto, pero non foi home. Pediu outro café. Tirou o cigarro e empezou outro. Pagou coma se tivese moita présa.

Cando saíu á rúa seguía a chover. Pensou en volver á casa, pero non lle apetecía. ¿Que podía facer na casa? ¿Que podía facer en calquera lado? Eran as 9'46, ningunha tarefa por diante: nada que facer en todo o día, agás acudir á cita co médico que non era ata as 11'30. E tampouco tiña ganas de ir. Estaba farto. ¿Cantas sesión ían xa? ¿Que podía significar unha visita máis? Xa sabía o que lle ía dicir: ¿Está vostede bebendo, Baudilio? ¿Segue o tratamento tal e como eu lle indiquei? Se non o fai tal e como lle indico, terei que ingresalo. ¿Vostede quere ingresar? Non, non quería ingresar. Non quería seguir na casa. Non quería estar dentro de si. Non quería nada. Quería fuxir, fuxir a algures, non sabía onde, pero fuxir de dentro del mesmo.

236 Entrou na cafetería Ipanema co propósito de tomar unha cervexa e fumar un cigarro tranquilo, sen présa, cómodo, relaxado, porque ninguén o premía. Sen embargo,

tomou dúas cervexas coma se o agardasen para un traballo de apuro; pagou, acendeu outro cigarro para non ter que facelo debaixo da chuvía e saíu fóra. Baixou por Loureiro Crespo ata o centro da cidade. Eran as 10'14, moi cedo aínda para a súa cita na consulta, pero decidiu adiantarse e esperar por se había sorte e podían atendelo antes da hora concertada.

A axudante clínica saudouno con sorpresa. Era moi cedo. O doutor aínda non chegara, chamara dicindo que se atrasaría. Baudilio non puido aguantar na sala de espera e saíu fumar á escaleira. Os dez minutos chamou de novo. Non había noticias. O atraso confirmábase.

As 10'36 regresou á rúa para andar, andar a ver se calmaba a angustia que lle roía coma se tivese un lume con fume dentro de si. Un lume rabiado, velenoso. Ese lume que o viña queimando desde que regresara. Decidiu ir ata a casa.

Marisa estaba cosendo. Desde que el estaba de baixa, ela trataba de compensa-lo prexuízo económico cosendo día e noite, ata queima-las pestanas, enriba da máquina. Eran prendas que lle traían dunha fábrica de Lalín, no pagaban moito, pero se conservaba a saúde podía sacar unhas pesetas.

- ¿Tomáche-las pastillas hoxe? Parece que estás moi acelerado.

- ¿Acelerado? ¿Si? ¿Ti pensas que estou acelerado? ¿A ti parécecho, verdade?

- Non as tomaches. Xa cho noto. Fai o que queiras.

- ¿Que é o que non tomei? ¿Que?

- Nada. Como ti digas.

- A ver, di, ¿que é o que non tomei?

- Déixame traballar...

Baudilio meteuse na habitación. Deitouse na cama, pero non foi home a estar nin dous minutos quieto. Erguese. Acendeu outro cigarro. Mirou debaixo do armario a ver se estaba a súa arma regulamentaria. Estaba. Gardouna outra vez. Non se debía intranquilizar. El era un home do corpo. Era un profesional. A arma era para traballar. ¿Por que falaran de lla retirar? ¿Ata iso lle ían quitar? ¿Así lle pagaban o seu esforzo de tres anos, tres, tres malditos anos recorrendo os sumidoiros de Bilbao, buscando artefactos que puideran esbourar no medio da merda? ¿Así era como se lle recoñecían os servicios morrendo de medo, cagado, cagado literalmente, mentres facía vixilancia de noite?

Eran as 11'16 cando saíu por segunda vez. Mirou a un lado e outro. Optou por utilizarlo coche que estaba aparcado moi preto do portal, pero o no te-las chaves consigo, subiu de novo ó piso. Colleunas e aproveitou para poñe-la gabardina porque non daba parado de chover. Xa dentro do automóbil, sen tempo a prendelo, tivo que levallas mans á cara. Estaba outra vez diante dos seus ollos aquela imaxe que o perseguía. Outra vez o estoupido. Outra vez o rostro de Emilio despedíndose e despois estalando esnafrado, en anaquiños, esfarelado, sangue a correr, laios, ferros, cristais,

miolos machucados, veas ciscando sangue... Abriu a porta para pillar aire. Unha muller mirouno con desaprobación, sospeitando talvez que xa estaba bebido a aquela hora da mañá. Saíu do coche e entrou de novo no California. Tomaría outra cervexa. Fumaría outro cigarro. Regresou ó automóbil ás 11'32 e nel baixou ata a consulta. Aparcou mal, porque con tódalas historias xa era tarde. Subiu apresurado, pero o doutor aínda non chegara.

- ¿Pero non vai vir hoxe? É que eu necesito velo, señorita. ¿Vostede comprende?

- Claro que o entendo, señor, pero agora seguro que non tarda. Pase se quere un momento á sala .

- Non. Espero fumando na escaleira.

As 12'07. O doutor sen aparecer. Tanto tiña. Decidiu deixalo. Baixou de novo á rúa para colle-lo coche e regresar á casa.

¿Onde deixara o automóbil? ¿Que pasaba co seu coche? ¿Onde estaba? ¿Roubáronlle? ¿Quen foi o cabrón que roubou o meu coche?, empezou a berrar na rúa.

- Non llo roubaron, non, leváronllo os do concello por estar mal aparcado- encirrou nel a dependente dunha papelería.

- ¿O guincho? ¿O guincho levou o meu coche?

Entrou completamente descontrolado no seu piso ás 12'33. Marisa, aínda coñecéndoo, deixou de coser. Estaba máis descontrolado do normal.

- ¿Que che pasou?

- Agora si que mato a alguén. De min xa non se ri nin diosbendito.

- ¿Pero que che pasa?

- Nada. Agora verán.

Entrou no seu cuarto. Colleu a arma regulamentaria de debaixo do armario. Estaba cargada. Saíu.

- ¿A onde vas con iso, Baudilio?

- Déixame. Arreda.

- Estás toliño de todo. Deixa iso.

- Que arredes.

Dun golpe tirouna no chan. Correu polas escaleiras sen agarda-lo ascensor. Marisa precipitouse ó teléfono:

- A muller de Baudilio Raña. Por favor, é moi urgente.

El, a pesar de ir coa cara descomposta e a pistola na man, non chamou a atención ata entrar na rúa peatonal, onde unha mociña pegou un berro que provocou a reacción inmediata dos viandantes. Un home guindouse ó chan coma chimpado por un automatismo, pero a maioría buliron a se meter dentro dos portais; unha señora, desde dentro dun, avisaba cun torgo de voz imponente que se arredasen, que ninguén se achegase, que había un home cunha pistola, e todo o mundo foi desaparecendo ata que a rúa quedou núa, cun home só no medio e medio, paralizado coma se tratase de se controlar. Dirixiu a pistola ó ceo e tentou desenganar ós cidadáns. Que no pasaba nada. Que no corrían perigo, que el era un defensor da orde, que non eran os homes coma el os que creaban problemas, que non tivesen medo... Pero non se movía unha alma. Un vello dáballe instrucións e consellos: tire a arma, déixea no chan e non lle pasará nada, tranquilícese, non vaia facer unha loucura... Outro, desde un portal de detrás del, intentou fuxir nunha carreira. Baudilio xirou nervioso e saltou o primeiro tiro. Eran as 12'46. O zunido da bala ó se incrustar na parede dun edificio desatou pánico. Alguén pediu auxilio. Varias voces iniciaron rituais de pranto. ¿Onde está a policía?, berrou unha muller. Baudilio intentou transmitirilles que el era un garda civil, un defensor da lei... Quixo moverse para regresar á casa, pero os avisos de precaución dos agachados, vai para aí, con tino, atentos, que ninguén se mova, fixérono desistir. Parou sen saber que facer. Nesto sentiuse unha alarma e dunha camioneta que freou con estrondo baixaron varios policías armados situándose con axilidade en postos desde onde poder controlalo. Faloulle un deles:

- Tranquilo, compañeiro. Son Freiría.

Baudilio correu a se protexer detrás dun farol.

- ¿E que? ¿Es Freiría e tes que vir armado para falar comigo? ¿Estades tolos, ou que?

- Deixa a pistola.

- Vén por ela, maricón. ¿É así como tratades ós do corpo? ¡Vides por min coma se fose un asasino, cabróns!

- Non tal, Baudilio, só queremos...

- Non quero máis axudas, hostia.

Houbo un anaco de silencio.

- Tranquilícese, Baudilio - faloulle outro policía-, somos compañeiros.

- Pois por iso, maricóns.

- Tire a pistola e veña andando cara onde estamos nós, sen medo, non vai pasar nada.

- Vén ti onda min, fillo de puta. Vén. Vén armado se queres.

Silencio de novo. Un silencio infinito para Baudilio: tiña a boca seca, a lingua pesada, sentía necesidade de fumar, precisaba un cigarro, só un cigarro... e nesto 239

estoupoulle outra vez diante dos ollos a imaxe que o martirizaba: Emilio, o sangue, os ferros, os cristais, o rostro do amigo, aquela mañá de Bilbao, aquel ulido..., e sentiu medo, e viuse de noite recorrendo sumidoiros, e sentiu a voz de mando, e un medo máis frío atravesouno polo fío do aro do lombo; e tremeu todo, e disparou, disparou e disparou... Eran as 12'54.

A ambulancia que veu recoller ó único ferido, o home que se guindara no chan e permanecera inmóbil coma un trapo, non tardou en chegar.

O doutor tardou algo máis. Cando entrou no calabozo da comisaría, Baudilio que permanecera sentado, ausente, fumando seguido, sen dicir palabra desde que o agarraran tirado no chan, sen balas, sen forzas e chorando coma unha pequerrecho, deu a impresión de regresar a este mundo.

- ¿Que hora é, doutor?- aspirou profundamente do mínimo cigarro antes de retiralo con resignación dos labios para empezar a esfiañalo lentamente entre os dedos.

- As 13'36.

- ¿E quen vai ir agora busca-lo neno á escola?- preguntou sen falar con ninguén, aceptando o novo cigarro que, xa prendido, lle ofreceu Freiría.

Miguel Suárez Abel